



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a las 77 viviendas de alquiler social anunciadas por el Gobierno en la parcela situada en la Maestranza, en la Avenida de Metrosidero, A Coruña.

El 9 de mayo de 2023, en vísperas de las elecciones municipales, el Gobierno del Estado anunció la cesión de dos solares por parte del Ministerio de Defensa al entonces Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana para la construcción de 88 viviendas, destinadas al alquiler social, en la ciudad de A Coruña.

De la construcción se iba a encargar la Entidad Pública Empresarial de Suelo (SEPES) y estaba previsto que once de las viviendas estarían ubicadas en un solar de la calle Adelaida Muro y las 77 restantes en la Maestranza, en la Avenida de Metrosidero, muy cerca de la Hípica.

El anuncio del Gobierno pareció romper con la práctica habitual del Ministerio de Defensa de hacer negocio con las parcelas de su titularidad vendiéndolas a operadores privados. De hecho, en ese mismo lugar, en la Maestranza, el Estado ya había vendido dos parcelas a promotores privados.

Sin embargo, después de dos años, nada se sabe de esta actuación y no hay avances ni información en relación con las 77 viviendas que se deberán construir en la Maestranza a pesar de las importantes carencias que tiene A Coruña en materia de vivienda social y los problemas para acceder a una vivienda digna.

En el caso de la parcela de la calle Adelaida Muro, en el barrio de Monte Alto, fue adquirido por el Ministerio de Vivienda y, recientemente, el 4 de junio, SEPES (Ministerio de Vivienda) publicó una propuesta para contratar la redacción del proyecto constructivo de un edificio de viviendas públicas en Adelaida Muro, en una parcela de 371 metros y para la construcción de 11 viviendas, a la vez que fijaba como plazo límite el 21 de julio para la presentación de ofertas de las empresas interesadas.



El Ministerio no especifica qué tipo de vivienda pública ofertará, si será en alquiler o en compra, solo señala que el «objetivo de este proyecto es poner a disposición de los ciudadanos viviendas accesibles y protegidas para siempre», para que «pasen a formar parte del parque de vivienda asequible del Estado».

El BNG considera que A Coruña necesita vivienda de alquiler social de forma urgente para atender la alta demanda y los elevados precios de los alquileres, por lo que sería deseable que el Gobierno mantuviera un parque público de vivienda de alquiler social en lugar de venderlas.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué acciones está llevando a cabo el Gobierno en relación con el anuncio de la creación de 77 viviendas de alquiler social en la parcela del Estado situada en la Maestrazza, en la Avenida de Metrosidero, cerca de La Hípica?
2. ¿Cuándo se materializará esta iniciativa anunciada en vísperas de las elecciones municipales de 2023?
3. ¿Dadas las dificultades existentes en A Coruña para el acceso a una vivienda digna por parte de las mayorías sociales, no considera que se debería haber agilizado esta propuesta?
4. ¿Existe un compromiso claro por parte del Gobierno de implementarla? ¿A qué se debe el retraso?
5. ¿Cuáles serán las características de las once viviendas públicas accesibles que se construirán en la parcela de la calle Adelaida Muro? ¿Se destinarán a vivienda pública de alquiler social?

Madrid, a 16 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 JUN. 2025 12:13:19

Entrada **72897**

Sobre as 77 vivendas de aluguer social anunciadas polo Goberno na parcela da Maestranza na Coruña

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás 77 vivendas de aluguer social anunciadas polo Goberno na parcela situada na Maestranza, na Avenida de Metrosidero, na Coruña.**

O 9 de maio de 2023, en vésperas das eleccións municipais, o Goberno do Estado anunciaba a cesión de dúas parcelas por parte do Ministerio de Defensa ao daquela Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a construción de 88 vivendas, destinadas a aluguer social, na cidade da Coruña.

Da construción íase encargar a Entidade Pública Empresarial do Solo (SEPES) e prevíase que once das vivendas estarían situadas nun solar da rúa Adelaida Muro e as 77 restantes na Maestranza, na Avenida de Metrosidero, moi preto da Hípica.

O anuncio do Goberno parecía romper a habitual práctica do Ministerio de Defensa de facer negocio coas parcelas da súa titularidade vendéndoas a operadores privados. De feito, nese mesmo lugar, na Maestranza, o Estado xa vendera dúas parcelas a promotores privados.

Porén, transcorridos dous anos, nada se sabe desta actuación e non consta ningún avance nin información en relación ás 77 vivendas a construír na Maestranza a pesar das importantes carencias que ten A Coruña en materia de vivenda social e dos problemas para acceder a unha vivenda digna.

No caso da parcela da rúa Adelaida Muro, no barrio de Monte Alto, foi adquirida polo Ministerio de Vivenda e, recentemente, con data de 4 de xuño a SEPES

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 JUN. 2025 12:13:19

Entrada **72897**



(Ministerio de Vivenda) publicaba proposta de contratación da redacción do proxecto de edificación dun edificio de vivenda pública en Adelaida Muro, nunha parcela de 371 metros e para a construción de 11 vivendas, ao tempo que fixa un prazo até o 21 de xullo para as ofertas de empresas interesadas.

O Ministerio non especifica que tipo de vivenda pública vai ofertar, se será de aluguer ou de compra, só sinala que o “obxectivo deste proxecto é pór a disposición da cidadanía vivendas que accesíbeis e protexidas para sempre”, de xeito que “pasen a formar parte do parque estatal de vivenda accesíbel”.

O BNG considera que A Coruña necesita vivenda de alugueiro social de forma urxente e así atender á alta demanda e aos elevados prezos dos alugueres, polo que sería desexábel que o Goberno manteña un parque público de vivendas de aluguer social en lugar de vendelas.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que actuacións está a realizar o Goberno en relación ao anuncio de creación de 77 vivendas de aluguer social na parcela do Estado situada na Maestrazza, na Avenida de Metrosidero, preto da Hípica?
2. Cando se materializará esta iniciativa anunciada na véspera das eleccións municipais de 2023?
3. Dadas as dificultades existentes na Coruña para o acceso a unha vivenda digna por parte das maiorías sociais, Non considera que debería terse axilizado esta proposta?
4. Existe un compromiso claro por parte do Goberno de efectivizala? A que se debe o retraso?



5. Cales van ser as características das once vivendas públicas accesíbeis a construír na parcela da rúa Adelaida Muro? Serán destinadas a vivenda pública de aluguer social?

Madrid, a 16 de xuño de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso